

O INFERNO DO ODIO

Akira Kurosawa, 1963

1150

ESTREA EN NUMAX: 09.08.2023 | V.O.S.E. | 143 min

Nun momento crucial da súa vida financeira, Gondo (Toshirô Mifune), un directivo dunha importante empresa de zapatos, recibe a noticia de que o seu fillo foi secuestrado. O rescate esixido é unha gran cantidade de diñeiro, pero Gondo precisa para pechar unha negociación que lle dará o control da empresa.

«Un dos mellores thriller xamais rodados»

THE NEW YORK TIMES



Dial K for Kurosawa

Por Peter Labuza

O crime perfecto, o home trabucado, o tren a toda velocidade e o sorprendente McGuffin. *O inferno do odio* conta cos elementos esenciais dun gran filme de Alfred Hitchcock. Pero o seu director é Akira Kurosawa, cineasta xaponés adoito coñecido polos seus filmes de samurais e as súas complexas historias morais. Cando Kurosawa adaptou textos occidentais adoptou elixir os autores máis grandes e respectados: William Shakespeare, Fiódor Dostoievski, Máximo Gorki. Pero *O inferno do odio* parte dunha pequena novela policial titulada *King's Ransom*, de Ed McBain, dentro dunha serie de novelas que seguían as investigacións da comisaría de policía 87 dunha cidade ficticia.

Porén, se hai un cineasta en Occidente que erixiu a súa carreira na combinación da alta cultura e a cultura popular ese é Alfred Hitchcock, capaz de fiar historias de suspense e asasinato con motivos mórbidos e psicolóxicos. *O inferno do odio* está tan en débeda co cinema de Hitchcock como os filmes de samurais de Kurosawa o estaban co de John Ford. Ao igual que Hitchcock, Kurosawa explora neste filme a idea da dualidade, a culpa ou a nosa incapacidade para comprender o mal.

A filiación do filme con Hitchcock detéctase nas primeiras secuencias, nas que a cámara xamais sae da casa de Gondo, ao igual que sucedía n'*A soga* (1948), *Náufragos* (1944), *Crime perfecto* (1954) ou *A ventá indiscreta* (1948). Outros dos tropos clásicos de Hitchcock que xoga un papel importante no filme é o tren, esencial en obras como *Coa morte nos talóns* (1959) ou *A sombra dunha dúbida* (1953), que une literalmente as dúas metades d'*O inferno do odio*.

(...) Kurosawa constrúe a súa filosofía na propia estrutura do filme. Como en *Psicose* (1960), a narración divídese en dúas partes cun protagonista central en cada metade. A primeira céntrase en Gondo e o seu dilema moral para salvar a Shinichi. A segunda céntrase en Takeuchi, no plano oposto. Situado en múltiples lugares o filme vai dun relato sobre a moralidade a un *procedural* sobre o traballo policial. Cando Gondo e Takeuchi se encontran cara a cara, Kurosawa emprega o vidro para reflectir os seus rostros, unha técnica que recorda ao final de *Psicose*, cando o rostro da nai se superpón ao de Norman Bates.

No final d'*O inferno do odio*, Gondo mira fixamente a súa propia imaxe e responde a pregunta de onde se atopa a maldade. Hitchcock tamén se ten enfrontado a esta pregunta, pero acotío os seus finais deixaban o espectador cun sorriso. Kurosawa nunca mencionou a Alfred Hitchcock como influencia en ningunha das súas entrevistas, pero cada vez que vexo esta historia criminal moderna acode á miña mente o mestre do suspense. Kurosawa seguramente viu o cinema de Hitchcock, pero en lugar de saír da sala cun sorriso seguramente saíu co rostro conxelado.

E que sabemos de Ed McBain, o autor que inspirou esta obra mestra? Baixo o pseudónimo de Evan Hunter escribiu numerosos guións, entre eles o dun pequeno filme estreado en 1963 e titulado *Os paxaros*.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

El infierno del odio,
Akira Kurosawa.
a contracorrientefilms [DVD]

Conversaciones con Akira Kurosawa,
Akira Kurosawa.
Confluencias, 2014

Psicosis,
Alfred Hitchcock.
Universal Pictures [BD]